

Significado da paisaxe xeográfica e humana na poesía galega de Rosalía e Curros

Luis Lorenzo Rivero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LORENZO RIVERO, LUIS (2012 [1986]). “Significado da paisaxe xeográfica e humana na poesía galega de Rosalía e Curros”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo (I)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 225-236. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1694>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LORENZO RIVERO, LUIS (1986). “Significado da paisaxe xeográfica e humana na poesía galega de Rosalía e Curros”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo (I)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 225-236.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

SIGNIFICADO DA PAISAXE XEOGRÁFICA E HUMANA NA POESÍA GALEGA DE ROSALÍA E CURROS

LUIS LORENZO RIVERO

University of Utah

As letras galegas tiveron un rexurdimento importante no século XIX. Rosalía, cos seus maxistrais *Cantares gallegos* (1863) e con *Follas novas* (1880), sinalou o cumio da nova poesía, liña seguida por Curros Enríquez en *Aires da miña terra* (1880) (1). Nestas obras os dous encarnaron a alma da súa patria, sabendo penetrar na intimidade do pobo galego e refrexar con agarimo os seus sentimentos. Isto mostra unha capacidade de compasión humana moi grande e revela uns corazóns sensibles. As súas poesías teñen un impulso universal e, xunto coas de Eduardo Pondal, foron decisivas na restauración da literatura galega, sendo os mestres dos poetas de agora.

Rosalía chegou a unha comunión cotiá co espírito dos labregos e en *Cantares gallegos* e *Follas novas* expresou de maneira un pouco trovadoresca as tribulacións dos que viu sufrir por moito tempo. Como xa ten dito Ricardo Carballo Calero, a contemplación desa dor encamiñouna a un pesimismo e a un conceptismo radical (2). Algo semellante pódese afirmar de Curros, anque este foi máis radical e moito máis dramático exteriormente. Recoñeceu sempre o maxisterio da cantora galega, a quen loubou na súa morte con amarga dor: “¡que inda recéi pola probe da tola / eu, que non teño quen rece por min!” (3). Igualmente sentido foi o outro seu poema “Na tumba de Rosalía” de 1904. Por iso, como xa dixo o home de Rosalía, Manuel Murguía, no prólogo a *En las orillas del Sar*, esta e Curros eran dous seres xemeos.

Ricardo Carballo Calero, F. Fernández del Riego, José Luis Varela, Celso Emilio Ferreiro, Francisco Rodríguez, K. Kulp-Hill, Ricardo L. Landeira e outros críticos teñen analizado a vida e as obras de Rosalía e tamén de Curros. Agora ben, poucos estudiosos examinaron a paisaxe na súa poesía, e menos o fixeron no senso proposto aquí. Marina Mayoral analisou a natureza e o costumismo na obra de Rosalía, Claude Henri Poullain a súa paisaxe xeográfica e pouco máis se pode contar. Nesta comunicación considéranse algunhas significacións da paisaxe xeográfica e humana como recurso na poesía galega de Rosalía que tamén se atopan na de Curros. Ambos poetas deron

(1) Véxase Ricardo Carballo Calero, *Estudios rosalianos. Aspectos da vida e obra de Rosalía de Castro*, Galaxia, Vigo, 1979, p. 101. Véxase tamén F. Fernández del Riego, *Historia da literatura galega*, 2ª edición, Galaxia, Vigo, 1971, p. 95.

(2) Ricardo Carballo Calero, *op. cit.*, p. 113.

(3) M. Curros Enríquez, *Aires da miña terra e outros poemas*, Edicións Castrelos, Vigo, 1971, p. 197.

moita importancia á paisaxe para que só sexa mero “marco” do tema principal, como ten afirmado Poullain (4). Polo tanto, débese considerar parte da súa esencia poética. Na primeira predomina desde 1861 a paisaxe terrestre: montes, veigas, ríos, fontes, árbores, que é precisamente o que tamén sobresaí no derradeiro.

Rosalía sentiu sempre grande emoción diante da paisaxe da súa terra, rexeitando ó mesmo tempo todo aquilo que non fose Galicia. Sen reducir nunca a súa poesía a mero retrato costumista, iniciou ese camiño de reivindicacións culturais con *Cantares gallegos* e seguiu máis adiante en *Follas novas*. Algo moi semellante áchase nos poemas galegos de Curros, que tamén se emocionaba no medio da vexetación abondosa do seu país. Esa natureza descrita por eles dunha maneira subxectiva harmonizaba cos sentimentos dos vates e dos seus compatriotas aldeáns, como acontece no poema “Acolá enriba” de Rosalía:

Acolá enriba
na fresca montaña,
que alegre se cobre
de verde retama,
meniña morena,
de branco vestida
nubiña parece
no monte perdida, (...) (5)

Esa paisaxe alegre de montaña verde compaxínase simbolicamente coa meniña vestida de branco á espera do primeiro amor. Está xa no punto de casar e agarda a vinda do amante para perpetua-la raza como esa natureza libre, agreste e virxe, pois nunca fora cambiada pola man do labrego, agarda a pronta chegada da primavera para agromar e cubri-la montaña de cheirosas flores e abondosa vexetación:

Xa erguida na punta
de pena sombrisa,
inmóbil cal virxe
de pedra se mira. (6)

Entón aparece o desexado galán e vea disposta a recibilo coas trenzas espalladas ó aire e as puntas do pano de seda tendidas, como as ás dun anxo que o chama. Esa montañesiña tan bela e virxe como a paisaxe que a envolve, sería o fin de todo o seu sufrir se seu pai lla dese en casamento:

¡Ai!, si seu pai
por regalo ma dera,
¡ai!, non sentira

(4) Claude Henri Poullain, *Rosalía Castro de Murguía y su obra literaria*, Editora Nacional, Madrid, 1974, p. 103.

(5) Rosalía de Castro, *Obra galega completa*, notas de X. Alonso Montero, Akal Editor, Madrid, 1977, p. 54.

(6) *Idem*.

no mundo máis penas.
 ¡Ai!, que por tela
 conmigo por dama,
 eu lla vestira,
 eu lla calzara. (7)

Unha paisaxe semellante cun significado parecido atópase no poema de Curros “A virxe do Cristal”:

Preto da cibda de Ourense,
 camiño de Celanova,
 onde é máis tépedo o vento
 que a terra gallega azouta,
 dun círculo de montañas
 na falda, sempre verdosa,
 esténdese un val frorido,
 cuberto de herbas cheirosas,
 piñeirales i arboredos
 ricos de frutas e sombra.
 Alí, pola primaveira,
 dispois de salir da escola,
 van os rapaces buscar
 freixós pra comer i apóutegas;
 i as nenas, máis delicadas,
 e non como eles golosas,
 topan alí os caraveles
 con que os cabelos adornan, (...) (8)

Aquí naceron os protagonistas dunha ardente historia de amor. Desa natureza agres- te, verde, fresca e abundosa saíron os namorados, sendo a noiva a máis bela das mo- zas e o noivo o máis galán dos homes:

Aquí está a gracia dos homes
 i a fror i a nata das mozas;
 en fin, sólo aquí naceron,
 sólo aquí, Martiño e Rosa. (9)

Estes dous orfos, de vinte anos o mozo e dezaseis ela, nunca tiñan estado namorados, mais certo día atopáronse á saída da misa e quedaron noivos:

De estonces, Martiño e Rosa
 sentiron a alma ferida,
 e quizáis que se morrerán
 de mal de malenconía,

(7) *Ibid.*, p. 55.

(8) Curros, *op. cit.*, p. 18.

(9) *Ibid.*, p. 19.

si unha mañá non quedaran
noivos ó sair da misa. (10)

Esa paisaxe xeográfica alegre ten a función de expresa-la felicidade e alegría da parexa namorada. Non foi empregada polo vate co propósito de servir de marco á aparición da Virxe. O milagre relixioso aquí está só ó servizo dos intereses humanos. O máis importante era o cumprimento do casamento que tiñan concertado, do que dependía o futuro do pobo galego. Mais a coraxe non deixou ó mozo ve-lo engano, perdeu a Rosa, que se meteu monxa, e el morreu cal outro Macías agardando á porta do convento de Alleriz onde ela se enclausurara.

Poullain e Mayoral xa estableceron a preferencia de Rosalía por árbores como os piñeiros, os carballos e castiñeiros (11), anque tamén se vexan nas súas paisaxes loureiros, olmos, figueiras e mirtos. A natureza podía ter valor supersticioso entre o pobo. Rosalía recolleu algo dese senso popular na súa poesía, anque non co mesmo significado, se non que lle deu un valor simbólico persoal. O piñeiro pode se-lo testigo dos segredos amorosos da parella de noivos acollidos a súa sombra agarimosa: "A sombra dos pinos, Marica, ¡qué cousas / chistosas pasaron! ¡qué rir toleirón!" (12). Tamén atinxe unha interpretación metafórica de garridez, maxestuosidade, fermosura e elementos do xerme viril que simboliza o xoven galego no primor da vida á procura dunha tenra rapaciña chea de gracia e encanto. Ela tamén quere un galán que a ame:

¡Cánta maxesa nos homes!
¡Cánta brancura nas nenas!
I eles semellan gallardos
pinos que os montes ourean,
i elas cogolliños novos
co orballo da mañán fresca. (13)

Tódalas mociñas galegas, foran dun lugar ou doutro, aínda que eran de diferente aparencia e encanto, eran igualmente belas. Por iso os mariñeiros que foran á rome-ría da Barca co gallo de lle pedir á Virxe que os librara dun naufraxio, afogaban no amor daquelas encantadoras rapazas:

(...)

todas eran tan bonitas,
todas tan bonitas eran
que o de máis duras entrañas
dera as entrañas por elas...
Por eso se derretían,
cal si foran de manteiga,
diante delas os rapaces,

(10) *Ibid.*, p. 21.

(11) Véxase Poullain, *op. cit.*, pp. 80-82; e Marina Mayoral, *La poesía de Rosalía de Castro*, prólogo de Rafael Lapesa, Ediciones Gredos, Madrid, 1974, p. 37.

(12) Rosalía, *op. cit.*, p. 119.

(13) *Ibid.*, p. 31.

os rapaciños da festa,
os mariñeiros do mare
que donde á Virxe viñeran
porque a Virxen os salvara
de naufragar na tormenta.
Mais si salvaron no mare
non se salvarán na terra, (...) (14)

Este naufraxio das emocións do corazón é desexado e feliz, pois do casamento deses rapaces depende o futuro de Galicia. Poullain estudiou outros simbolismos do piñeiro na obra de Rosalía, e tamén do carballo (15). Comparando ese simbolismo da paisaxe xeográfica e humana da poesía galega de Rosalía co dos exemplos de máis enriba da de Curros, encontráselles unha correspondencia moi inmediata. Evidentemente ambos escolleron o vizo da paisaxe galega como exemplo simbólico para sinalar que o pobo tamén triunfaría proliferándose polo matrimonio como base do seu edificio social. Esa compracencia dos poetas na descripción da natureza primaveral galega, chea de árbores, flores e paxariños cantores, emparenta co seu amor e entusiasmo pola xuventude que aseguraría a prosperidade do país e a perpetuación da raza. Rosalía expresou isto en poemas de *Cantares gallegos* e tamén de *Follas novas*. De aquí que a poetisa cantase con entusiasta alegría o matrimonio, como se ve no poema "Unha boda na aldea":

Era un domingo, i ó raiair do día
na aldea de San Fiz xa non dormía
home, rapaz, nin vella co alborozo
porque Ramón casaba con María (...) (16)

O casamento é o cumio do amor dos amantes nunha unión eterna:

(...)
cal te vexo e te sinto neste mundo,
hei de verte e sentirte na outra vida.
Queirámonos e se eres desdichada,
ti saberás ó fin o que é ter dicha.
Pois eu desque en ti adoro i en ti creo,
creo no céo, e creo en Dios Marica. (17)

O grande misterio do amor é a razón da existencia e continuación da vida: "e sin ti, non sería, / este mundo de proba en que vivimos." (18). Ese poder procreativo é o que causa o alborozo da xente toda do pobo, e o que lle dá á muller unha categoría de divindade. Iso é tamén o motivo polo que os dous van lixeiros collidos das mans á igrexa para casar en San Lesmes:

(14) *Ibid.*, p. 34.

(15) Poullain, *op. cit.*, pp. 81-83.

(16) Rosalía, *op. cit.*, p. 296.

(17) *Ibid.*, p. 291.

(18) *Ibid.*, p. 292.

—Os nosos pais casaron, Señor Cura,
 i esto o exempro nos da.
 Quixéronse e querémonos... e logo...
 —Logo... entendo, rapaz.
 Amáivos moitos, meus amigos... pero,
 non vos améis demáis (...) (19)

Ese acontecemento anunciador da nova vida perpetuadora da raza é celebrado con moita música e danza por homes, vellos, mozos e rapaces. Na poesía “Unha boda en Einibó” de Curros atópase unha grande semellanza de tema, disposición, simbolismo e folclore coa comentada de Rosalía. O celanovés canta igualmente alborozado a dita dos namorados noivos Bras e Adega, que decidiron consuma-lo seu amor no casamento:

Adega e Bras de sponsallas
 fixeron xuro formal, e pra casarse pediron
 lisenca e venia a seus pais. (20)

Isto concertado, os noivos foron, cal no caso de Rosalía, santificar ese amor á igrexa, gardados polos dous sogros e avós:

A par de Adega, moi teso,
 na igrexa o rapaz entrou;
 deulle á noiva auga bendita,
 ou íunos o confesor,
 e logo o señor abade
 botoulles as bendicións. (21)

O saír agardábaos á porta moita xente co gaiteiro e coa música, encamiñándose logo todos para casa do noivo. Con tanta festa e danza chegou a noite e, cando todos menos se apercebiron, os noivos desapareceron do festexo:

E cando ó cabo, repostos
 do asombro, volven en sí,
 preguntan todos: “¿I os noivos?”

¡Vai boa! Nin cun candil! (22)

A cerimonia enteira foi o preludio deste rito máximo, e ata relixioso, erótico, simbolizado na ausencia da parella e os puntos suspensivos. Ese rito erótico era para asegura-la perpetuación da raza galega, case o mesmo que na cita do poema de Rosalía. Isto é precisamente o que festexaban aqueles labregos de ambos poemas, esquecéndose neses instantes de tódolos seus pesares, traballos, fames e abasallamentos. Paralela con esa xubilación efusiva da paisaxe humana, áchase en “Unha boda en Einibó” a da natureza:

(19) *Ibid.*, p. 295.

(20) Curros, *op. cit.*, p. 55.

(21) *Ibid.*, p. 57.

(22) *Ibid.*, p. 61.

De frescos cheiros cargada
 pasaba soprando a bris,
 i os paxariños nas pólas
 e nas chousas a perdiz,
 nos seus buracos os grilos
 i as ovellas no cubil,
 us cos seus roucos cantares
 i outros con trinos xentís,
 compuñan unha armunía
 ¡que era o que había que ouir! (23)

Tal situación e sentimentos correspóndense cos de “Unha boda na aldea” da súa predecesora Rosalía: “Antre as nubes no ceo, cantan os ánxeles, / antre as rosas na terra, os paxariños.” (24). Polo tanto, a natureza dá tamén o parabén ós novos esposos, ó mesmo tempo que é o seu exemplo.

Se a xuventude era para estes dous poetas a salvación do pobo galego e a esperanza do seu futuro, a ausencia desa paisaxe humana sinalaba o aniquilamento da raza galega. Sen a xuventude non quedaba esperanza de rexurdimento material nin espiritual. Esta filosofía despréndese, por exemplo, do poema en que Rosalía pinta a un vello na alta noite á luz moribunda dun candil vendo pantasma:

Uns son árbores muchos e sin follas;
 outros, fontes sin auguas;
 montes que a neve eternamente cubre,
 ermos que nunca acaban. (25)

Mais ó amencer a luz clara ve outros máis tristes e amargos, realidade desesperada de Galicia simbolizada nesa natureza morta:

Non digás nunca, os mozos, que perdeches
 a risoña esperanza:
 do que a vivir comesa é amiga
 ¡só enemiga mortal de quen acaba...! (26)

Curros queixouse de maneira máis dramática e evidente da ruína que significaba para Galicia a falta de mozos:

¡Qué triste está a aldea,
 qué triste e qué sola!
 ¡A terra sin frutos, a feira sin xente,
 sin brazos o campo,
 sin nenos a escola,
 sin sol o horizonte, sin fror a semente! (27)

(23) *Ibid.*, p. 60.

(24) Rosalía, *op. cit.*, p. 292.

(25) *Ibid.*, p. 147.

(26) *Idem.*

Os mozos eran os únicos que podían librar ós galegos da fame, dos atropellos, da extinción:

Mociños honrados
de sangue bravía,
si ó mal dos petrucios non fordes alleos,
librádeos da morte,
¡facéi montería
nos lobos da terra, nos lobos dos ceos! (28)

Pois os vellos estaban xa cansos e sen forzas para loitar contra os poderosos que os roubaban, deixándoos na miseria. A maldade do ser humano é evidente neste poema. O home no poder é impío co caído, non sinte a dor do pobre labrego. Os animais que se atopan nesta paisaxe teñen un valor simbólico e suxeridor dos sentimentos da xente que representan. Aquí os lobos son os homes poderosos que lle acaban co que teñen ós aldeáns vellos:

Vendín prós trabucos bacelos e hortas
e vou polo mundo de entón a pedir;
mais cando non topo pechadas as portas
os cans sáienme a elas e fanme fuxir. (29)

Esta situación é tan desesperada que aínda é peor cá do bicho máis repulsivo da natureza agreste. Mesmo envexa a condición do sapo que polo menos ten un buraco onde se acoller, cousa que o pobre vello non ten. Neste caso é o bicho o que ten compasión da miseria do home despreziado polos seus semellantes

O probe do vello cos anos cangado,
erguéuse da pedra i o pau recaudou;
virou para os ceos o puño pechado,
e cara os touzales rosmando marchou...
Cos ollos seguíndoo
na escura estensión,
o sapo quedouse
cantando: — ¡cro, cro! (30)

Esta paisaxe de bichos e feras para expresar dor, sufrimento, pena, etc. é frecuente na poesía de Curros. Por exemplo, en “A virxe do Cristal” atópanse cobras, lobos, garduñas, e outros animais sinistros para expresa-la desesperación de Martiño e Rosa. A situación desgraciada da xente é posta a miúdo por Rosalía na súa poesía tamén en termos de paisaxe de lobos, mouchos, raposos, cans oubeando e máis, como por exemplo acontece en “Unha noite, noite negra”, ou en “A xusticia pola man” e outros poemas.

Galicia foi a comunidade ibérica máis marxinaada polo réxime. O mal que máis

(28) *Idem.*

(29) *Ibid.*, p. 84.

(30) *Ibid.*, p. 85.

a debilitaba era a emigración de cotío de mozos fortes e sans. Isto ameazaba o futuro do país, pois no presente xa estaba na miseria. Por iso o tema da emigración foi de especial consideración para estes dous vates, xa que ambos sentían como propias as desgracias do seu pobo. Rosalía achou que a emigración era o froito das constantes inxusticias que asoballaban ós labregos, ferindo a súa grande sensibilidade de escritora galega:

(...)

vexo esta terra bendita
grilos de ferro arrastrando
antre sorrisas de mofa, (...) (31)

Os galegos, despreciados e infamados polo resto da España, vivían no mundo sós. Por iso non tiñan outro remedio que emigrar, unhas veces embarcando para América e outras á sega a Castela. A mesma queixa xurdía da musa de Curros, quen aínda chegou a experimenta-la emigración no seu corpo. Xa antes de viaxar á Habana, escribiu “O gueiteiro” baixo o lema do poema de Rosalía “Un repoludo gaiteiro”, afrixido pola emigración e o atraso de Galicia:

Tocaba..., e cando tocaba,
o vento que do roncón
polo canuto fungaba,
dixeran que se queixaba
da gallega emigración.
Dixeran que esmorecida
de door a patria nosa,
azoutada, escarnecida,
chamaba, outra *Nai chorosa*,
ós filliños da súa vida... (32)

A lexislación do século XIX abafou ó pequeno labrego e converteuno nun mendigo, se era vello e frouxo, ou nun emigrado contra o seu desexo, pois o rigor do fisco non o deixaba bafexar. Moitas veces vendíanlle as súas leiriñas, o que o forzaba a embarcarse para a Habana, como di o poema de Rosalía:

Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
i a manta da cama.
Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono sóio
coa roupa vestida. (33)

(31) Rosalía, *op. cit.*, pp. 109-110.

(32) Curros, *op. cit.*, p. 65.

(33) Rosalía, *op. cit.*, p. 256.

Como Galicia estaba pobre e, anque era mozo, non tiña onde gañalo entón íase todo apenado por ter que deixar tanta fermosura, principalmente amigos e seres queridos:

Deixo amigos por estraños,
deixo a veiga polo mar,
deixo, en fin, canto ben quero.
¡Quén pudera no o deixar...! (34)

Se o pobre emigrante ía co corazón partido saloucando por tanto ben perdida quizais para sempre, a sorte dos que quedaban non era mellor:

Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tes, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten pais.
E tes corasóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará. (35)

Curros tamén se queixou da desgracia do labrego afixido e errante por non poder paga-los trabucos, pintando con vigor a súa tráxica situación:

Dende entón, cando vexo que un gallego
a terra deixa onde infelís nacéu,
i achego busca noutras praias, digo:
“¡Guíete Dios!”, tamén.
(...)
Preguntaille, e dirávos que sin rego
o miñeiral, o lume sin cardés,
sin herba o gando e sin traballo o home,
non se poden manter. (36)

Esas eran as causas polas que o galego deixaba o seu país natal e trocaba o seguro polo incerto, pois o pouco que gañaba non lle chegaba para enche-las arcas do fidalgo e as do rei.

A emigración era máis cruel aínda para as mulleres, pois arrebatáballes o irmán ou o amante, como no caso da “Cantiga” de Curros:

I a coitada entre queixas decía:
“Xa no mundo non teño ninguén;

(34) *Ibid.*, p. 56.

(35) *Ibid.*, p. 258.

(36) Curros, *op. cit.*, p. 110.

vou morrer e non ven os meus ollos
os olliños do meu doce ben”.

(...)

Lonxe dela, de pe sobre a popa
dun aleve negreiro vapor,
emigrado, camiño de América,
vai o probe, infelís amador.
I ó mirar as xentís anduriñas
cara a terra que deixa cruzar:
“¡Quén pudera dar volta —pensaba
quén pudera con vasco voar! (37)

Este amante, como moitísimos máis, non tornaría nunca máis para casar. O seu cadavre foi entregado ó mar, quedando ela desamparada para sempre:

Dun amor celestial, verdadeiro,
quedou sólo, de bágoas a proba,
unha cova
nun outeiro

i on cadávre no fondo do mar. (38)

Outras veces era xa seu home cando emigraba deixando a infeliz muller, arriscando que a abandonara por outra na América coa que tiña fillos. Se algunha vez chegaba a tornar, sería cando fose vello traendo só as súas doenzas e os seus ósos para terra. Este é o caso do poema de Rosalía “¿Qué lle digo?”.

Outras veces esa emigración era máis temporeira, a Castela no tempo da sega. Rosalía defendeu estes galegos despreziados e mal tratados polos casteláns:

Foi a Castilla por pan,
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.
Deronlle, en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo...
¡Castellanos, Castellanos,
tendes corazón de ferro! (39)

Algúns destes labregos que fan á sega morrían por ese trato inhumano. Por iso a poeta aborrecía de Castela tanto a paisaxe xeográfica como a humana, como tamén tiña dito no poema “Castellana de Castilla”. Rosalía tanto se enoxou con Castela e os casteláns que chegou a aconsellar a Galicia que se fixera orfa de España:

Probe Galicia, non debes
chamarte nunca española,

(37) *Ibid.*, p. 77.

(38) *Ibid.*, p. 78.

(39) Rosalía, *op. cit.*, p. 103.

que España de ti se olvida
Cando eres, ¡ai!, tan hermosa. (40)

Curros tamén pediu fin á opresión de Galicia, mais apreciou ó pobo, liberdade, trabucos máis liviáns, é dicir, mellor trato e máis axuda para o pobo galego:

¿Queredes castañas
dos meus castañeiros?
Cantádeme un maio
sin bruxas nin demos;
un maio sin segas,
usuras nin preitos,
sin quintas, nin portas
nin foros, nin cregos. (41)

Moito máis queda sen dicir destes e outros puntos da poesía galega de Rosalía e Curros por falta de tempo. En conclusión, estes poetas viviron en loita continua coa súa situación e interpretaron o máis íntimo do espírito galego con grande amor e compaixón. Por iso o pobo se sentiu identificado con eles. Para eles máis importante cá riqueza natural era a riqueza humana da cal dependía a primeira e a existencia do país.

(40) *Ibid.*, p. 110.

(41) Curros, *op. cit.*, p. 69.